

LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Iglesias, Manuel
González Santamaría, Pedro
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Zas Varela, Mónica

DESCULPA ASISTENCIA

Fernández Fernández, Federico
González Varela, Luis
Mejuto Fernández, Juan Carlos

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 19 de xaneiro de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **19 de xaneiro de 2016** ás 10:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 28 de abril e 27 de maio de 2015.
2. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento de eleccións de representantes do alumnado ao Claustro Universitario.
3. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidaturas.
4. Interpretación do artigo 42.c) dos Estatutos da UVigo, en relación á composición das xuntas de centro.
5. Outros asuntos de interese.
6. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 28 de abril e 27 de maio de 2015.

O presidente dá comezo á sesión ordinaria e cede a palabra á secretaria da Comisión, que indica que non se teñen presentado alegacións polo que se non existen comentarios por parte dos presentes, propón a aprobación de ambas actas.

Apróbanse por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento de eleccións de representantes do alumnado ao Claustro Universitario.

O presidente indica que a proposta de calendario foi axuntada na documentación remitida coa convocatoria. Explica que o calendario proposto segue a liña habitual, no que se establecen os períodos fixados no procedemento. Cede a palabra á secretaria da Comisión, quen informa da normativa aplicable:

Indica que o artigo 33 dos Estatutos da Universidade di que os membros do Claustro serán elixidos por catro anos, agás o alumnado que o será por dous. Dado que a última renovación dos representantes do sector estudantes tivo lugar no ano 2014, corresponde no ano 2016 realizar a renovación dos representantes deste sector no Claustro.

Prosegue referindo que o Regulamento de Réxime Interno do Claustro indica no seu Artigo 39: *Correspóndenlle ao Consello de Goberno as seguintes funcións: ...n) A convocatoria de eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro universitario.* E informa de que na súa sesión de 21 de decembro, o Consello de Goberno aprobou a convocatoria de eleccións.

Continúa a secretaria mencionando que no artigo 4 do devandito Regulamento, recóllese que *a convocatoria de eleccións faina o reitor, despois da reunión da Mesa do Claustro;* e informa de que esta reunión está previsto que teña lugar o día 1 de febreiro, nela presentarase o calendario e o procedemento de realización de eleccións que se aprobe nesta comisión. Xa que, no mesmo artigo 4, se indica que *A Comisión Electoral, ..., elaborará o calendario, o censo e o procedemento electoral.* E no artigo 28 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario dispón que *Á Comisión Electoral lle corresponde regular as eleccións dos membros do claustro e do reitor,*

Como consecuencia, di a secretaria, compétenos aprobar o calendario e o procedemento das eleccións. O calendario proposto recolle todos os períodos legais, e se tivo en conta o Estatuto do Estudante Universitario que sinala que *as universidades velarán, conforme á súa normativa e a autonómica, por non facer coincidir as reunións cos períodos de exames nin cos días de estudos previos,* polo que remata o día 8 de abril, coa proclamación definitiva dos resultados.

En canto ao procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, a secretaria traslada a proposta de manter o que xa foi aprobado pola Comisión Electoral en data 17/02/12. É un procedemento recente, e non hai modificacións normativas que obriguen ao seu cambio.

Apróbase calendario e procedemento por asentimento.

Punto 3. Delegación, se procede, na secretaria da Comisión Electoral do modelo de candidaturas.

Explica o presidente que, de xeito habitual, nas eleccións deléganse na Secretaría Xeral algúns procedementos, como a elaboración de censos etc , para evitar realizar xuntanzas innecesarias, e sempre que non xurdan problemas. Neses casos, si que sería necesaria a intervención da Comisión. Neste caso, no punto tres, proponse que se delegue na secretaria da Comisión Electoral (é dicir, na Secretaría Xeral) o modelo de candidatura de representantes de estudantes no Claustro. A secretaria indica que xa se elaborou un modelo similar ao de anos anteriores e que foi achegado na documentación enviada coa convocatoria, por se algún membro desexa facer algunha modificación. Se estamos de acordo, proponse a súa aprobación.

Apróbase o modelo presentado por asentimento.

Punto 4. Interpretación do artigo 42.c) dos Estatutos da UVigo, en relación á composición das xuntas de centro.

O presidente cede a palabra á secretaria, quen explica que este punto non garda relación cos anteriores. Fai referencia ás consultas realizadas na Secretaría Xeral por varios centros en relación coa representatividade nas xuntas de centro.

Explica que o artigo 42 dos Estatutos da UVigo, que regula a composición das xuntas de centro, no seu apartado c) establece que *haberá Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade, que corresponderá ao 9% da Xunta de Centro. En*

calquera caso, polo menos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.

Explica que a consulta realizada refírese a que, no caso de que houbera menos candidaturas de PDI a tempo completo do total das prazas que corresponden a ese centro, as vacantes restantes poderían ser cubertas con candidaturas do PDI a tempo parcial. E tamén consúltase o caso contrario: se houbera menos candidaturas de PDI a tempo parcial do total dos postos a cubrir, si se poderían cubrir as vacantes resultantes con candidaturas do PDI a tempo completo. Engade a secretaria que posto que, segundo os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario correspóndelle á Comisión Electoral resolver as dúbidas que se poidan presentar nas eleccións consideradas nos Estatutos da Universidade, debemos aclarar este punto.

O presidente explica novamente con detalle a cuestión, e indica que nos compete facer unha interpretación, que responda a esta situación.

O profesor D. Pedro Santamaría fai unha precisión, indicando que sempre haberá menor número de persoal contratado a tempo parcial que a tempo completo. Responde o presidente que depende dos centros, xa que os profesores axudantes son a tempo completo, e nalgúns centros son bastantes. Indica que, en efecto, noutros son máis asociados, polo que debemos facer a interpretación para un caso xeral

Engade o presidente que pode considerarse que si se permite este movemento, mantense a representatividade do 9% por parte do PDI sen vinculación permanente no conxunto da xunta de centro, doutro xeito, se non se cobren as prazas correspondentes dun dos grupos, se perdería a representatividade do conxunto. Recalca que este grupo ten a súa problemática específica, polo que para garantir a súa representación hai que permitir esa mobilidade, ou reducir o tamaño da xunta de centro, o que non se pode facer polo de agora, porque o número de membros natos condiciona o resto. Tamén é posible que nin sequera con esta flexibilidade se cubra o 9%, se nun centro hai moi pouco profesorado sen vinculación permanente, pero nese caso xa non hai a quen representar. O caso se presenta cando si hai un colectivo sen vinculación permanente, pero a súa dedicación non permite cubrir as porcentaxes indicadas na norma.

Pregunta o profesor Óscar Ferreiro cales son os centros que fan a cuestión. Responde a secretaria que non o lembra, xa que as consultas as realizan a outros membros de Secretaría Xeral. Auséntase brevemente para facer a consulta, mentres o resto dos membros comentan distintos aspectos deste punto. Reincorporada a secretaria indica que inicialmente foi a Facultade de CC Xurídicas pero que hai máis que precisan buscar, polo que aportárase noutro instante. De tódolos xeitos, non é relevante, xa que se pide unha aclaración para todos os centros.

O profesor Pedro Santamaría indica que ao seu colectivo lle pode interesar esa consideración, pero que, ata onde el coñece, o normal é que non se cheguen a cubrir esas prazas. Polo que pola súa parte, está de acordo.

Intervén o profesor Óscar Ferreiro para que quede clara a proposta que se realiza. Tras un intercambio de aclaracións por parte do profesor Santamaría e a secretaria, o presidente propón que se aprobe por asentimento.

Apróbase.

Punto 5. Outros asuntos de interese.

Cede o presidente a palabra á secretaria, quen explica que a convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro supón que durante varios meses, e ata a proclamación definitiva dos candidatos e candidatas electos, esta Comisión deberá reunirse asiduamente para tomar as decisión que se reflicten no “Procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario da Universidade de Vigo”.

Polo cal, presenta en papel un calendario de reunións coa indicación dos temas que deberán tratarse nelas, e que se fará chegar en formato electrónico, que están fixadas en función do calendario electoral. Seguirase utilizando o sistema de videoconferencia.

Punto 6. Rolda libre de intervencións.

Dona Mónica Zas pregunta acerca do modelo de candidatura que foi presentado. Concretamente se aínda se mantén a denominación de 1º, 2º e 3º ciclo. Responde a secretaria indicando que si, que aínda se mantén así, sendo necesario establecer a relación 1º ciclo = grao, 2º ciclo= máster e 3º ciclo = doutoramento.

Realiza un comentario o presidente en relación ás consecuencias que supón nas titulacións de enxeñaría.

O profesor Santamaría indica as dificultades que podería ter nunha das datas do calendario de xuntanzas previstas, e o presidente indica que se alguén non pode asistir, que o comunique con antelación.

Tras desexar feliz aninovo a todos os presentes, levántase a sesión ás 10.50 horas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:50 h do día 19 de xaneiro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria Mª Pena Uris